EXERCICIOS DE REFORZO/APOIO. UNIDADE 10

Debes ir respondendo as actividades que se che propoñen sen mirar as respostas e usando como guía o documento da Unidade.

1. Indica se as seguintes afirmacións son correctas ou non. No caso de ser incorrectas escríbeas ben.

    1.O partido que organizou a resistencia do maquis foi o PSOE.

    2. Un dos sectores máis afectados pola represión foi o da Educación.

    3. O Fuero del Trabajo permite a liberdade sindical.

    4. Un dos piares básicos do franquismo foi o Exército.

    5. As Brigadas Internacionais estaban formadas por voluntarios de moitos países que viñeron a España a loitar contra o fascismo.

    6. As mulleres a penas se viron afectadas polo triunfo dos franquistas na Guerra Civil.

    7. A Unidade foi unha das características do bando republicano durante a Guerra Civil.

    8. O tratado entre España e Estados Unidos asinado en 1953 foi fundamental para romper o illamento do réxime franquista.

    9. España foi neutral na II Guerra Mundial

    10. No franquismo só se permitiu o idioma castelán.

- Resposta (as incorrectas están corrixidas debaixo):

2.O partido que organizou a resistencia do maquis foi o PSOE.

O partido que organizou a resistencia do maquis foi o PCE.

3. Un dos sectores máis afectados pola represión foi o da Educación.

4. O Fuero del Trabajo permite a liberdade sindical.

O Fuero del Trabajo obriga a pertencer aos sindicatos de oficio subordinados ao Movimiento Nacional, aos que pertencían obreiros e patróns.

5. Un dos piares básicos do franquismo foi o Exército.

6. As Brigadas Internacionais estaban formadas por voluntarios de moitos países que viñeron a España a loitar contra o fascismo.

7. As mulleres a penas se viron afectadas polo triunfo dos franquistas na Guerra Civil.

Co triunfo dos franquistas as mulleres perderon as conquistas cara a igualdade dos sexos conseguidas durante a II República e volveron a ser consideradas seres inferiores, confinadas na casa.

8. A Unidade foi unha das características do bando republicano durante a Guerra Civil.

O bando republicano estaba profundamente dividido entre os partidarios da Revolución inmediata e os que pretendían gañar primeiro a guerra.

9. O tratado entre España e Estados Unidos asinado en 1953 foi fundamental para romper o illamento do réxime franquista.

10. España foi neutral na II Guerra Mundial

España non entrou oficialmente na Guerra, pero apoiou ao Eixe e mesmo mandou a División Azul a combater cos alemáns contra a Unión Soviética.

11. No franquismo só se permitiu o idioma castelán.

- Contesta a seguintes preguntas tipo test:

• Principal batalla da Guerra Civil	
• Lugar onde se celebrou a entrevista entre Hitler e Franco	
• Noticiario cinematográfico oficial e obrigatorio	
• Comercio realizado á marxe dos regulamentos oficiais no franquismo	
• Documento onde se recollen os ‘dereitos’ dos españois no franquismo	
• Organización franquista que se encargou de adoutrinar ás mulleres	
• Nome común das organizacións creadas polos franquistas	
• Organización partidarias de facer a Revolución ao tempo ca guerra contra os ‘nacionais’	
• Postura adoptada polas potencias occidentais perante a Guerra Civil	
• Lema que encabezou a resistencia de Madrid fronte aos rebeldes	

RESPOSTAS

Principal batalla da Guerra Civil	Batalla do Ebro
Lugar onde se celebrou a entrevista entre Hitler e Franco	Hendaia
Noticiario cinematográfico oficial e obrigatorio	NODO
Comercio realizado á marxe dos regulamentos oficiais no franquismo	Estraperlo, mercado negro
Documento onde se recollen os ‘dereitos’ dos españois no franquismo	Fuero de los Españoles
Organización franquista que se encargou de adoutrinar ás mulleres	Sección Femenina
Nome común das organizacións creadas polos franquistas	Movimiento Nacional
Organización partidarias de facer a Revolución ao tempo ca guerra contra os ‘nacionais’	CNT e POUM
Postura adoptada polas potencias occidentais perante a Guerra Civil	Non Intervención
Lema que encabezou a resistencia de Madrid fronte aos rebeldes	No pasarán